

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 21, 20-25

Naquel tempo, Virándose Pedro, viu que o seguía o discípulo a quen amaba Xesús, o que se recostara no seu peito na cea e lle preguntara "Señor, ¿quen é o que te ha de entregar?" Ó velo, preguntoulle Pedro a Xesús:

– «¿E este, que?»

Xesús contestoulle:

– «Se quero que permaneza ata que eu veña, ¿a ti que che importa? Ti sígueme.»

Espallouse entón entre os irmáns a voz de que o discípulo aquel non morrería. Pero non dixera Xesús que non había de morrer, senón: "se quero que permaneza ata que eu veña, ¿a ti que che importa?"

Este é o discípulo que dá testemuño destas cousas e o que as escribiu; e sabemos que o seu testemuño é verdadeiro.

Hai aínda moitas máis cousas que fixo Xesús, que, de escribilas unha por unha, coido que o propio mundo non podería conter os libros que se habían escribir.